

oitoM
Moito por facer

Tecnofeministas

Cinco voces para construír igualdade dende as redes

Guía didáctica para o traballo en aula

8 DE MARZO DÍA DAS MULLERES


Que?

“Tecnofeministas: Cinco voces para construir igualdade dende as redes” é unha acción educativa autónoma impulsada pola Área de Igualdade da Deputación da Coruña no marco da campaña “oitoM. Moito por cambiar”.

Neste 8 de marzo queremos seguir apoiando a mocidade

no seu papel de axente de cambio, facilitándolle a mozas e mozos referentes e ferramentas para a creación de discursos alternativos a favor da igualdade de xénero e o respecto á diversidade.

Porque hai **#Moitoporfacer**



Esta acción consta de:

Un vídeo de 17' de duración, con entrevistas a cinco mulleres que dende o noso territorio están a traballar nas interseccións entre tecnoloxía, comunicación e feminismos. No vídeo, estas creadoras preséntanse, achegan un referente inspirador, unha estratexia comunicativa e unha ferramenta para a xeración de contidos que combatan o machismo e fomenten a igualdade de xénero nas redes.

O vídeo, compartido na canle de Youtube da Deputación da Coruña é accesible a través do seguinte enlace:
<https://www.youtube.com/watch?v=5lklApXHU2s>

Esta guía didáctica, coa que buscamos facilitar e acompañar o traballo en aula do profesorado interesado nesta temática.

Unha acción colaborativa virtual, na que o alumnado poderá participar compartindo nas redes as súas creacións.

A continuación explicamos en que consiste e como participar.

Esta actividade está principalmente dirixida a mozas e mozos de entre 14 e 18 anos, aínda que pode ser de interese para o público xeral.

Por que?

“Tecnofeministas: Cinco voces para construir igualdade dende as redes” céntrase na acción autónoma na contorna virtual, un espazo no que os mozos e mozas pasan moito tempo das súas vidas, relacionándose, xogando, consumindo contidos, informándose ou participando.

Mais este non é un espazo neutro, senón que é un espello do mundo real e analóxico: a desigualdade e as violencias machistas teñen a súa tradución no virtual, no audiovisual, nas redes sociais, etc.

Así, moitos dos contidos existentes nas redes reproducen as desigualdades e violencias; fomentan modelos de relación tóxicos; alimentan modelos de corpos inalcanzables e heteropatriarcais; educan miradas intolerantes coa diversidade, etc., sen que o sistema educativo ou as familias teñan ferramentas para abordalo de forma axeitada.

Dende aí imaxinamos esta acción como unha oportunidade para traballar desde as aulas a igualdade de xénero e o seu cruce coas TICs, dun xeito activador, estimulante, sinxelo e transformador.

Con esta acción queremos:

Motivar a creación de contido dixital con perspectiva de xénero e feminista.

Achegar á mocidade mulleres referentes relacionadas coas TICs, un ámbito tradicionalmente masculinizado.

Trasladar a reflexión sobre este tema ás redes, incorporando os seus propios puntos de vista.

Apoiar a creación de ciberactivistas que transformen as redes en espazos seguros e transformadores.

Como?

Este material quere ser unha guía aberta e flexible para o traballo en aula a partir da peza de vídeo, facilitando a tarefa ao profesorado interesado e promovendo que o alumnado responda activamente ás propostas recollidas nesta guía.

Velaquí a nosa proposta:

1. Visionade o vídeo

Programa unha sesión co teu alumnado para a proxeción do vídeo. 50 minutos estará ben, aínda que é ideal se tedes máis tempo. Pode que o alumnado xa coñeza e controle algunha das ferramentas que se recollen nesta peza e para ti sexan descoñecidas; é normal, xa que están socializadas na tecnoloxía e nas redes sociais. Pensa nesta actividade como unha oportunidade para aprender xuntas, achegando unha mirada crítica a un terreo moi común e moi presente nas súas vidas.

O vídeo ten unha duración de 17' e está composto por entrevistas a cinco “tecnofeministas”, creadoras, investigadoras, artistas e comunicadoras que desenvolven a súa acción no cruce entre feminismos, comunicación e tecnoloxía. As entrevistadas son:

- **Vanesa Castro**, do colectivo Für Alle Fälle, investigadores, produtores e axitadores culturais

- **Lourdes Pérez Indaverea**, deseñadora de videoxogos
- **Sonia Méndez**, directora, actriz, realizadora, guionista e directora do Festival de Contidos Dixitais Carballo Interplay
- **Laura Tabarés**, investigadora cultural, artista visual e memera
- **Ana Moreiras**, profesora de tecnoloxía do IES A Cachada (Boiro) e autora da banda deseñada “Madia Leva”

Tras a visualización, podedes abrir un espazo para comentar en grupo: que lles pareceu o vídeo; que lles chamou a atención; que outras referentes coñecen no ámbito das TICs; que ferramentas das mencionadas xa coñecen e empregan; que outras poderían empregar para o obxectivo de facer das redes un espazo seguro, etc. E mesmo abrir unha reflexión atravesada por unha mirada de xénero sobre os contidos que adoitan ver, xerar e/ou compartir nas súas redes sociais.

2. Experimentade!

A maiores de dinamizar esta conversa, podedes animar ao alumnado a facer algunha acción tecnofeminista relacionada cos contidos propostos no vídeo. Imaxinamos dous itinerarios, un máis sinxelo e outro máis elaborado, en función do tempo que teñades para esta acción e a enerxía do alumnado para explorar o tema.

_Nivel BÁSICO

Recollede o convite de Laura Tabarés e create un meme baseado no lema e sentido da campaña “oitoM. Moito por cambiar”.

Podedes facer unha chuvia de ideas en grupo co conxunto do alumnado sobre aspectos do feminismo que lles parezan especialmente relevantes e/ou urxentes, ou pola contra, aquelas expresións do machismo que pesen de maneira especial sobre as súas vidas.

Logo, individualmente ou por parellas, poden xerar un meme empregando a aplicación Picsart.

Para o seu deseño, podedes trasladar as seguintes consignas: que estea en galego, que teña relación coa acción pola igualdade, e que a súa mensaxe ou imaxe non resulte discriminatoria cara outras persoas e/ou colectivos.

_Nivel PRO

Se queredes ir un pasiño máis aló, podedes transformar a vosa aula nun laboratorio de creación tecnofeminista, ampliando as posibilidades de experimentación do alumnado. En pequenos grupos, podedes traballar simultaneamente arredor de diferentes formatos, ou adicarlle máis tempo e centrarvos en cada sesión nun deles. As diferentes propostas relacionadas co compartido no vídeo serían:

- Seleccionar un videoxogo que todas e todos coñezan ben e intentar facer unha análise con perspectiva de xénero: roles representados; diversidade na representación das personaxes; violencia cara as mulleres, etc.

- Diseñar e gravar un pequeno podcast sobre mocidade, tecnoloxía e igualdade, compartindo nas redes ou na web do centro

- Ampliar o laboratorio de creación de memes empregando a aplicación Picsart

- Facer directos creativos en Youtube, Instagram ou Tiktok, traballando previamente o enfoque e temática na aula.

- Promover a creación de ilustracións e/ou banda deseñada, e a súa publicación en Instagram, ou ben participando no XII Concurso de Viñetas “Moito por cambiar”, organizado pola Deputación da Coruña. Bases en [link](#)

3. Compartide nas RRSS e no Padlet

Chegadas a este punto, a acción expande as fronteiras da vosa aula e se abre ao resto de centros e o público en xeral, ampliando o traballo pola igualdade da campaña “oitoM. Moito por cambiar”.

Unha vez que tedes as vosas creacións, sexan memes ou outros formatos, podedes compartilas no Padlet da actividade, que podedes atopar no seguinte link:

<https://padlet.com/rexenerandocoop/moitoporcambiar>

Un Padlet é un taboleiro de colaboración interactiva. Deste xeito, todo o alumnado poden xerar contidos diversos que quedan expostos nun panel.



Soamentente teredes que rexistrarvos como usuario, e engadir contidos premendo na tecla +. Veredes que o padlet está organizado por columnas nas que organizamos a información compartida no vídeo e outras referencias para seguir explorando. Poderedes compartir imaxes, textos, enlaces ás RRSS; gravacións de voz, etc. As posibilidades son moitas! E ademais podedes deixarlle un “like” ás entradas doutras persoas.

E para encher as redes de contidos feministas, animámosvos a compartir as creacións nas RRSS do centro ou nas vosas redes persoais, empregando o cancelo da campaña #oitoM e o específico desta acción #Moitopofacer

Vémonos nas redes!

oitoM
Moito por cambiar

8 DE MARZO DÍA DAS MULLERES

